

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 27 DE DECEMBRO DE 2023

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e sete de decembro de dous mil vinte e tres, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o secretario xeral do Pleno, don Rafael José del Barrio Berbel, e a interventora xeral municipal accidental, dona María Concepción Castro-Gil Iglesias, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS

1. FOMENTO.- Acórdase a aprobación da segunda addenda modificativa do convenio de colaboración asinado entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A. e o Concello de Lugo sobre o financiamento, execución, mantemento e conservación das obras do proxecto de actuacións para reducir o risco de inundación do río Rato no entorno da glorieta da rúa Serra de Meira. T.M. Lugo, vista nova redaccion.

Tamén se acorda a aprobación do convenio marco de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Lugo sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de formación profesional.

2. PERSOAL.- Acórdase a aprobación do nomeamento de dous funcionarios de carreira do Excmo. Concello de Lugo, para desempeñar as prazas de ordenanza (grupo de titulación: grupo AP (Agrupacións Profesionais); escala: Administración Xeral; subescala: Subalterna).

Tamén se acorda a aprobación da Oferta de Emprego Público 2023.

ACTAS E GOBERNO

RBB/arm

Refª: ispac1954884567056730657.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 27-12-2023

ÁREA DE GOBERNO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

3. CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA.- Acórdase a aprobación da subvención de carácter nominativo á Universidade de Santiago de Compostela (Q1518001A) para a realización da actividade "Lugo Cultural", por importe de 20.000,00 €.

ÁREA DE GOBERNO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA

4. DESENVOLVEMENTO LOCAL.- Acórdase a aprobación do convenio específico 2024 coa Comisión Europea, dentro do convenio marco 2021-2025, para o Proxecto Europe Direct-2021/2025 -código de proxecto 212410201-.

Fóra da orde do día

- Acórdase a aprobación do compromiso de consignación no exercicio 2024 da prórroga do nomeamento dun auxiliar administrativo e dunha técnico superior adscritos ao proxecto "DUSI MURAMIÑAE".

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Transición Ecolóxica e Impulso Rural e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.